

CONVENIO DE DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ASESORAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO NA ADAPTACIÓN, INTERVENCIÓN E SEGUIMENTO AUDIOLÓXICO-PROTÉSICO DE CALIDADE PARA O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN DA XORDEIRA EN PERÍODO NEONATAL

En Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

R E U N I D O S

Dunha parte, Don **Jesús Vázquez Almuiña**, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, os Decretos 41/2013 y 43/2013, de 21 de febreiro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

E doutra o Sr. D. **Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades que lle confire a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente convenio de colaboración e a tal efecto:

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.- Que o Programa Galego de Detección da Xordeira en período neonatal ten como obxectivo mellorar a capacidade de comunicación (linguaxe receptiva e expresiva) dos nenos nados con hipoacusia moderada, severa ou profunda para equiparala aos normoíntes.

Para conseguir este obxectivo xeral é preciso, ademais de asegurar o acceso á proba de cribado ao 100% dos neonatos de Galicia e conseguir unha alta participación no programa, garantir tamén o acceso ao diagnóstico de confirmación da hipoacusia, garantir o inicio do tratamento antes dos seis meses de idade nos nenos nos que esta se confirma e, por suposto,

garantir a calidade do tratamento de xeito que se consigan os efectos beneficiosos esperados coa detección precoz.

Isto supón que, no caso concreto do programa de hipoacusia neonatal, de nada serve o diagnóstico precoz se non se pode garantir un tratamento coa calidade necesaria para asegurar que se van mellorar as capacidades de comunicación dos nenos diagnosticados precozmente.

O tratamento baséase en dous piares fundamentais:

1.- Adecuación do estímulo sonoro: Trátase de facer chegar ao neno o son que non está oíndo. Dependendo da severidade da hipoacusia, o neno precisa a axuda de medios técnicos diferentes, amplificación do sinal mediante as próteses auditivas ou nos casos máis severos, implante coclear.

2.-Rehabilitación precoz: Ademais precisase estimular ao neno para que o problema de audición non retrase o seu normal desenvolvemento intelectual. Isto se realiza mediante un tratamento logopédico específico para a súa idade. Para que este tratamento teña éxito, é de vital importancia a colaboración dos pais e familiares co logopeda quen proporcionará as pautas de interacción co neno/a.

O éxito final do tratamento depende fundamentalmente de tres factores:

1.- A existencia dun diagnóstico preciso e precoz (ter a hipoacusia diagnosticada e correctamente caracterizada antes dos seis meses de idade do neno)

2.- Unha correcta indicación e adaptación inicial das próteses auditivas e un correcto seguimento e control da calidade desta adaptación

3.- Unha correcta interrelación entre todos os profesionais que interveñen no proceso do tratamento (otorrinolaringólogos, audioprotesistas, foniatras, logopedas) e entre os pais e familiares do neno, a fin de detectar problemas, monitorizar avances, avaliar os resultados e intervir nos momentos adecuados)

O feito de que, a través dos programas de detección precoz, se consiga un adianto dos tempos de diagnóstico e de inicio de tratamento, factores fundamentais para o éxito final do programa, ten como consecuencia a falla de experiencia dos profesionais que actúan neste campo, tanto dos otorrinolaringólogos coma dos audioprotesistas, foniatras e logopedas, que se atopan coa circunstancia de que tanto o diagnóstico coma o tratamento dos nenos aos 6 meses de idade é moito máis complexo que no momento habitual de diagnóstico e tratamento

en ausencia de programa de cribado, en xeral, despois dos 24 meses de idade. Por isto, é imprescindible unha formación específica de todos estes profesionais para poder tratar con nenos de tan curta idade.

No campo concreto da adaptación protésica, unha pobre calidade neste proceso de adaptación inicial e de seguimento e control posteriores pode, non só resultar nunha falla absoluta da efectividade do tratamento, senón que mesmamente pode causar efectos adversos importantes nos nenos pequenos como lesións cerebrais por exceso ou inadecuación da amplificación sonora, xa que o neno non pode expresar a súa incomodidade ou dor ante unha adaptación protésica inadecuada.

É por isto, que se considera absolutamente necesario poder ofrecer aos nenos diagnosticados polo programa, un tratamento de audioloxía protésica de calidade que permita conseguir o obxectivo final de mellorar a súa capacidade de comunicación equiparándoa coa dos normoíntes.

SEGUNDO.- Que, na actualidade, desde o Programa de detección da hipoacusia en período neonatal non é posible valorar a calidade do tratamento de amplificación protésica que se leva á cabo a través do circuíto habitual de tratamento (óptica, gabinete audiolóxico, etc), xa que non se describiron e estandarizaron os criterios mínimos de calidade esixibles, nin se elaboraron protocolos de adaptación, periodicidade mínima dos controis, tipos de probas a realizar, parámetros de avaliación da adecuación do seguimento e indicadores de boa evolución dos nenos a tratamento. Isto quere dicir que é prioritario para o programa poder establecer os parámetros mínimos de calidade da adaptación protésica para poder establecer mecanismos que aseguren que estes parámetros se cumpran no proceso de adaptación dos nenos do programa.

O que se pretende obter mediante este convenio de colaboración explíctase na cláusula segunda, onde se expresa o obxecto do mesmo e os aspectos nos que se concretará: definición dun protocolo óptimo de adaptación protésica, intervención protésica nos nenos diagnosticados polo programa coa selección, adquisición e preprogramación de audífonos, realizar o seguimento e control periódico da adaptación, establecemento de indicadores de evolución do neno/a e de éxito do programa, seguimento e asesoramento continuo a pais/nais e logopedas e para xestionar o banco de audífonos coa máxima eficiencia.

TERCEIRO .- Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación, e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír ao avance tecnolóxico para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social.

Tendo en conta que a Escola Universitaria de Óptica e Optometría goza de acreditada solvencia e experiencia consolidada na realización de traballos de adaptación protésica en nenos e, especialmente, naqueles nenos complicados ou con patoloxías concomitantes que fan problemática a adaptación protésica no circuíto habitual, e que conta cos medios técnicos e persoais especializados para levar á cabo con éxito este proxecto, propónse a sinatura dun Convenio de Cooperación entre a USC e a Consellería de Sanidade, de catro anos de duración.

Hai que destacar que a Unidade de Audioloxía da USC é a única que conta coa suficiente experiencia en audioloxía infantil para realizar adecuadamente esta actuación sen que concorran nela outros intereses de tipo comercial que puideran interferir coa necesaria individualización do tipo de audífono apropiado para cada neno e da necesidade de cada un deles dun seguimento coa periodicidade e intensidade necesaria e adaptada ás súas circunstancias concretas.

A decisión do programa de detección precoz da hipoacusia neonatal de optar por este modelo de colaboración para a adaptación protésica dos nenos diagnosticados polo programa basease en dous aspectos fundamentais:

1.- O compromiso do programa de asegurar non só a detección precoz e o diagnóstico axeitado senón, e isto é fundamental, tamén a posibilidade de acceder de xeito inmediato a un tratamento da calidade necesaria para conseguir o propio obxectivo do programa, que é mellorar a capacidade de comunicación (linguaxe receptiva e expresiva) dos nenos nados con hipoacusia moderada, severa ou profunda para equiparala aos normoíntes. Para isto, un adecuado manexo destes nenos tan pequenos e moitas veces con patoloxías concomitantes non pode asegurarse nun establecemento comercial cuxos técnicos non teñen polo xeral a experiencia e o saber facer da Escola de Óptica e Optometría da USC. É fundamental a experiencia e esta só se obtén traballando con un amplo número de nenos en circunstancias individuais moi diferentes.

Nos establecementos comerciais non existe esta experiencia xa que nunca tiveron un número suficiente de nenos para poder obtela.

2.- O programa baséase nun modelo de préstamo de audífonos, polo que os nenos que precisan de un implante coclear ou cambian as súas circunstancias, o programa ten a capacidade de readaptar estes audífonos e utilízalos para o tratamento doutro neno que o precise, sempre que os audífonos sexan adecuados para este novo neno. Isto sería inviable no circuíto comercial pero á súa vez, permite un gran aforro para o programa e unha utilización máis eficiente dos recursos. Por outra banda, préstaselles o audífono sempre que os pais se comprometan a acudir ás consultas de seguimento programadas, co que se consegue un maior índice de adhesión ao tratamento, e polo tanto, mellores resultados.

CUARTO.- Que a Escola Universitaria de Óptica e Optometría, concretamente a Unidade de Audioloxía ten interese en desenvolver proxectos de Investigación+ desenvolvemento + innovación tanto no campo do desenvolvemento e creación de próteses de menor coste e de gran calidade adaptadas ás necesidades concretas dos nenos pequenos como no campo da creación de plataformas dixitais de intercomunicación a través de Telefónica I+D entre os diferentes profesionais que traballan cos nenos, os seus pais e o Servizo de Cribados Poboacionais da DX.S.P., responsable do programa.

QUINTO.- Que ambas institucións están interesadas en iniciar e manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, actuando sobre a adaptación protésica e o posterior seguimento e control dos nenos diagnosticados polo programa e aos que se lles indica a necesidade de amplificación do sinal auditivo.

SEXTO.- Que, polo seu obxecto e as razóns anteriormente expostas, este convenio non ten a natureza de contrato suxeito á Lei de contratos do sector público, segundo o requisito establecido no artigo 9º.1.c) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG do 31 de decembro de 2010).

Remarcar, que a Escola Universitaria de Óptica e Optometría da USC non obtén ningún beneficio económico a través das actividades deste convenio, senón que utiliza o 100% do importe de mesmo para cubrir os custes que ocasiona o programa. O seu interese é basicamente de tipo científico ademais de reforzar o papel social da Universidade.

SÉTIMO.- Que é vontade da USC e da Consellería de Sanidade establecer a dita cooperación no marco dun convenio segundo as previsións do artigo 83 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e disposicións concordantes para o seu desenvolvemento.

Por conseguinte, sendo ambas as dúas partes intervenientes neste acto, conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir un convenio de cooperación para a posta en marcha das mesmas dentro do Programa de detección da hipoacusia en período neonatal, sometido ás seguintes

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO-

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a CONSELLERÍA DE SANIDADE e a USC para a prestación de apoio técnico e desenvolvemento das actividades relacionadas coa intervención relacionada coa adaptación protésica e seguimento audiolóxico dos nenos diagnosticados polo Programa de detección da hipoacusia en período neonatal na Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto do presente convenio será o asesoramento científico-técnico na adaptación protésica e seguimento audiolóxico dos nenos diagnosticados polo Programa de detección da hipoacusia en período neonatal na Comunidade Autónoma de Galicia, a través de dúas liñas de actuación:

- a) Asegurar non só a detección precoz e o diagnóstico axeitado senón tamén a posibilidade de acceder de xeito inmediato a un tratamento da calidade necesaria para conseguir o propio obxectivo do programa, que é mellorar a capacidade de comunicación (linguaxe receptiva e expresiva) dos nenos nados con hipoacusia moderada, severa ou profunda para equiparala aos normoíntes.
- b) Manter un modelo de préstamo de audífonos, a través do cal os nenos que precisan dun implante coclear ou cambian as súas circunstancias, retornen os seus dispositivos ao banco de audífonos, readaptalos e utilízaos para o tratamento doutro neno que o precise, sempre que os audífonos sexan adecuados para este novo neno. Isto permite un gran aforro para o programa e unha utilización máis eficiente dos recursos dispoñibles.

SEGUNDA. CONTIDO DO CONVENIO

O dito asesoramento científico-técnico concretarase nos seguintes aspectos:

- a.- Definición dun protocolo óptimo de adaptación protésica e seguimento para o Programa de detección de hipoacusia en período neonatal coa definición dos criterios mínimos de calidade

esixibles, periodicidade mínima dos controis, tipos de probas a realizar, parámetros de avaliación da adecuación do seguimento e indicadores de evolución dos nenos a tratamento.

b.- Para o desenvolvemento do protocolo será preciso que a Unidade de Audioloxía da Escola Universitaria de Óptica e Optometría realice a intervención protésica nos nenos diagnosticados polo programa coa selección, adquisición e preprogramación de audífonos personalizando cada caso para obter a máxima amplificación residual.

c.- Así mesmo deberá realizar o seguimento e control periódico da adaptación, a fin de establecer a súa periodicidade mínima e probas a realizar dependendo da idade e evolución de cada neno/a

d.- Valoración pre e post adaptación do neno/a con audífonos, con técnicas obxectivas e subxectivas de reforzo visual e de comportamento, en espazos reais. Establecemento de indicadores de evolución do neno/a e de éxito do programa

e.- Creación dun mapa acústico-protésico de seguimento, co fin de coñecer a evolución e o rendemento protésico do audífono adaptado.

f.- Seguimento e asesoramento continuo a pais/nais e logopedas con dispoñibilidade permanente de persoal técnico para atender as demandas de pais e logopedas en relación cos problemas audioprotésicos dos nenos. Para isto, os pais/titores consentirán na cesión de datos dos seus fillos, exclusivamente para este fin, de acordo coas previsións da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

g.- Asesoría para a creación de instrumentos de validación para o seguimento e avaliación das funcións asignadas á Unidade docente de audioloxía da USC, (cuestionarios de satisfacción de usuarios do programa, padres-logopedas-ORL, etc)

h.- Asesoría para a xestión do banco de audífonos da Comunidade Autónoma coa máxima eficiencia, xestionando os posibles cambios de audífonos que precise un neno por modificación das súas demandas ou características da súa hipoacusia e a posibilidade de reutilización destes audífonos reprogramándoos para poder ser adaptados ás necesidades doutro neno do programa.

TERCEIRA.- DIRECCIÓN DAS ACTIVIDADES ENCOMENDADAS .

A dirección destas actividades por parte da USC será exercida pola Profesora Dra. Luz M. Gigirey Prieto da Unidade Docente de Audioloxía da Escola Universitaria de Óptica e

Optometría, que se encargará da supervisión e dirección do traballo e do satisfactorio desenvolvemento da totalidade das actividades ao abeiro do presente convenio.

CUARTA. FINANCIAMENTO.-

Para a cobertura dos custos da execución do presente convenio a Consellería de Sanidade comprométese a achegar, con cargo á partida orzamentaria nº 1202.413A.640.5, as cantidades seguintes:

2019	Importe	Iva 21%	TOTAL
	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
2020	Importe	Iva 21%	TOTAL
	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
2021	Importe	Iva 21%	TOTAL
	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
2022	Importe	Iva 21%	TOTAL
	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
2023	Importe	Iva 21%	TOTAL
	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
TOTAL	Importe	Iva 21%	TOTAL
	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

Este orzamento anual, cos correspondentes axustes para os anos non completamente cubertos polo convenio, está destinado a:

Selección, adquisición e preprogramación de audífonos de forma personalizada	5.595 €
Moldes + kit pediátrico + impresión de moldes +6 cambios molde (12 moldes) + pilas	5.037 €
Revisións audiolóxicas	2.536 €
Reparación audífonos	1.120 €
Xestión bando de audífonos	278 €
Seguimento e asesoramento continuo pais/nais e logopedas	434 €
	15.000 €

Cada cantidade anual satisfarase na contía dun 50% do presuposto total do Convenio previa presentación da memoria do plantexamento do proxecto, e o restante 50% logo da presentación do informe anual de actividades por parte da USC e das correspondentes facturas, tanto para o pagamento do 50% inicial coma do restante 50%, debidamente conformadas pola Consellería de Saanidade, antes do 30 de novembro de cada anualidade.

En todo caso, as entidades asinantes resérvanse o dereito de solicitar tanta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

Esta documentación presentárase ante a Dirección Xeral de Saúde Pública, que comprobara a acreditación do cumprimento e efectividade das condicións e requisitos determinantes para o pagamento das cantidades comprometidas, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade prevista, con base na documentación presentada, e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio.

A Xunta de Galicia, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

QUINTA. DURACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura por un período de catro anos, prorrogable por mutuo acordo das partes durante catro anos máis, tendo en conta os límites temporais previstos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEXTA. EXPLOTACIÓN CIENTÍFICA DOS RESULTADOS -

Os resultados obtidos na realización das actividades do convenio que non correspondan con actividades de investigación, desenvolvemento e innovación poderán ser utilizados por ambas as dúas partes, coa natural reserva sobre a orixe dos mesmos. Os ditos resultados poderán contribuír tanto ao desenvolvemento de Guías de Calidade (técnica e profesional), a elaboración de programas de formación e material didáctico, así como a enriquecer as experiencias que a este respecto se teñen no resto das Comunidades Autónomas con Programas de detección precoz de hipoacusia.

Á finalización do convenio, os datos resultantes das actividades obxecto do mesmo, serán propiedade da Consellería de Sanidade, e en todo caso, a difusión por calquera das partes da información xerada deberá facer mención expresa do mesmo.

No caso de que se xerasen resultados no campo da investigación, desenvolvemento e innovación, a titularidade e dereitos de explotación dos mesmos rexeráse polo disposto na lei 2/2011 de 4 de marzo de Economía Sustentable (Artigo 53 e seguintes).

S É T I M A . R E S P O N S A B I L I D A D E -

A sinatura do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Sanidade, e as persoas que desenvolven as actividades obxecto do mesmo, de tal feito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin dereita nin subsidiaria, polos feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro. de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos refiridos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

O I T A V A . C O M I S I Ó N D E S E G U I M E N T O -

Para os efectos de seguimento e interpretación do convenio, así como para a resolución de cantas cuestións puideran xurdir en relación coa súa interpretación ou cumprimento constituirase unha comisión paritaria integrada por dous representantes da Consellería de Sanidade e dous da USC, coa facultade de ser informada cando o solicite, das actividades de execución do convenio.

O réxime xurídico da Comisión de Seguimento, axustarase as normas previstas para órganos colexiados na Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

N O V E N A . N A T U R E Z A X U R Í D I C A

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa, resultando de aplicación o previsto nas súas cláusulas e o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público . As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan

suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou das obrigas recollidas neste convenio
- A aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver, sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con tres meses de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.

E en proba de conformidade, formalízase e asinase o presente convenio polas partes o presente Convenio en duplicado exemplar e a un so efecto no lugar e data antes citado.

POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Asdo.: Jesús Vázquez Almuíña

Asdo.: Antonio López Díaz